

(GL) RESOLUCIÓN SOBRE A DESIGNACIÓN DE PUNTA CORVEIRA COMO PRAIA CANINA DO CONCELLO DE BARREIROS.-

A ordenanza reguladora do uso das Praias do Concello de Barreiros, cuxa última modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 27/11/2017, e publicada no BOP de Lugo nº 289 de 19 de decembro de 2017, establece no seu artigo 15. 1, a prohibición, con carácter xeral, de acceso de animais domésticos ás augas e zonas de baño, así como á praia e zonas sinaladas, coa salvidade de aquelas zonas que o concello poida delimitar por Resolución da alcaldía.

Non obstante, e pese a que dende aquela data habilitouse o areal de Punta Corveira (situado entre as Praias de Lóngara e A Pasada) como praia con acceso permitido para cans, non chegou a ditarse a resolución que así o acordase.

Por outra banda, este areal, tanto polas súas pequenas dimensións como por desaparecer en marea alta e supoñer, case, unha prolongación da praia de Lóngara en marea baixa, non foi obxecto das obras de acondicionamento levadas a cabo na meirande parte das praias de Barreiros, polo que o acceso directo debe realizarse por un sendeiro natural formado a través das propias rochas do acantilado, que pode resultar dificultoso e incluso perigoso para persoas de idade avanzada ou con problemas de mobilidade. Para evitar o risco deste paso, xa na anterior tempada 2020, aceptouse o emprego da entrada lateral dereita á Praia de Lóngara para acceder a Punta Corveira, establecendo como delimitación entre a zona de paso autorizada e a Praia de Lóngara, na cal non están permitidos os animais, o denominado Regato de Sarxende. Considerando este feito e xa que Punta Corveira, tal e como se sinalou anteriormente, queda totalmente inutilizada en marea alta, é lóxico que ademais do acceso se permita o emprego desa zona polas persoas usuarias que vaian acompañadas de animais, especialmente tendo en conta a extensa superficie de areais cos que conta Barreiros. En consecuencia, a fin de normativizar esta situación, ao abeiro do artigo 15.1 da Ordenanza municipal reguladora de praias antes citada e en uso das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime legal,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Acordar a determinación da praia Punta Corveira como praia canina, habilitada durante 24 horas a totalidade de días do ano, incorporando a ela o acceso situado na parte dereita do Regato de Sarxende, que servirá como delimitación entre a zona autorizada para o acceso e estadia con animais e a Praia de Lóngara na que non está permitido o seu acceso, segundo se indica no plano seguinte:



SEGUNDO: O uso desta praia por animais de compañía quedará limitado unicamente aos cans, que poderán acceder de xeito libre, é dicir, sen correa, agás no caso dos cans potencialmente perigosos que se rexerán pola normativa autonómica e, en consecuencia, deberán ir provistos de correa e boceira. Non obstante, as persoas posuidoras dos cans serán responsables de adoptar as medidas necesarias para evitar molestias ou riscos ao resto de persoas usuarias, así como de impedir o acceso dos animais á Praia de Lóngara e, en xeral, de traspasar o Regato de Sarxende que cumpre a función de liña divisoria. Asemade, terán a obriga de recoller e depositar nos lugares habilitados polo Concello a estes efectos as deposicións que poidan realizar os animais na zona de praia.

TERCEIRO: Reiterar que, tal e como se establece a normativa de praias de Barreiros, o incumprimento dos preceptos incluídos no número anterior aparelará a obriga de abandonar o areal tanto a requirimento do persoal municipal como dos propios axentes da autoridade, sen prexuízo da interposición de denuncia e, de ser o caso, da incoación do correspondente expediente sancionador. Por outra banda, a non recollida das deposición dos animais está tipificada como infracción grave no citado regulamento.

CUARTO: Establecer que, en todo caso, os cans deberán estar ao día nas vacinacións obrigatorias e ir provistos da cartilla sanitaria obrigatoria segundo establece o Decreto 94/2008, de 30 de abril, polo que se establece o pasaporte e cartilla sanitaria para os cans, gatos e furóns na Comunidade Autónoma de Galicia.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe pola alcaldesa-presidenta do Concello de Barreiros, Ana Belén Ermida Igrexas, ante a secretaria-inteventora, Begoña Teijeiro Campo.



(ES) RESOLUCIÓN SOBRE LA DESIGNACIÓN DE PUNTA CORVEIRA COMO PLAYA CANINA DEL AYUNTAMIENTO DE BARREIROS.-

La ordenanza reguladora del uso de las Playas del Ayuntamiento de Barreiros, cuya última modificación fue aprobada por el Pleno de la Corporación en sesión ordinaria de fecha 27/11/2017, y publicada en el BOP de Lugo nº 289 de 19 de diciembre de 2017, establece en su artículo 15. 1, la prohibición, con carácter general, de acceso de animales domésticos a las aguas y zonas de baño, así como a la playa y zonas señaladas, con la salvedad de aquellas zonas que el ayuntamiento pueda delimitar por Resolución de la alcaldía.

No obstante, y pese a que desde aquella fecha se habilitó el arenal de Punta Corveira (situado entre las Playas de Lóngara y A Pasada) como playa con acceso permitido para perros, no llegó a dictarse la resolución que así lo acordara.

Por otra parte, este arenal, tanto por sus pequeñas dimensiones como por desaparecer en marea alta y suponer, casi, una prolongación de la playa de Lóngara en marea baja, no fue objeto de las obras de acondicionamiento llevadas a cabo en la mayor parte de las playas de Barreiros, por lo que el acceso directo debe realizarse por un sendero natural formado a través de las propias rocas del acantilado, que puede resultar dificultoso e incluso peligroso para personas de edad avanzada o con problemas de movilidad. Para evitar el riesgo de este paso, ya en la anterior temporada 2020, se aceptó el empleo de la entrada lateral derecha a la Playa de Lóngara para acceder a Punta Corveira, estableciendo como delimitación entre la zona de paso autorizada y la Playa de Lóngara, en la cual no están permitidos los animales, el denominado Regato de Sarxende. Considerando este hecho y ya que Punta Corveira, tal y como se señaló anteriormente, queda totalmente inutilizada en marea alta, es lógico que además del acceso se permita el empleo de esa zona por las personas usuarias que vayan acompañadas de animales, especialmente teniendo en cuenta la extensa superficie de arenales con los que cuenta Barreiros.

En consecuencia, a fin de normativizar esta situación, al amparo del artículo 15.1 de la Ordenanza municipal reguladora de playas antes citada y en uso de las facultades que me otorga el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen legal,

RESUELVO:

PRIMERO: Acordar la determinación de la playa Punta Corveira como playa canina, habilitada durante 24 horas la totalidad de días del año, incorporando a ella el acceso situado en la parte derecha del Regato de Sarxende, que servirá como delimitación entre la zona autorizada para el acceso y estadia con animales y la Playa de Lóngara en la que no está permitido su acceso, según se indica en el plano siguiente:



SEGUNDO: El uso de esta playa por animales de compañía quedará limitado únicamente a los perros, que podrán acceder de manera libre, es decir, sin correa, excepto en el caso de los perros potencialmente peligrosos que se registrarán por la normativa autonómica y, en consecuencia, deberán ir provistos de correa y bozal. No obstante, las personas poseedoras de los perros serán responsables de adoptar las medidas necesarias para evitar molestias o riesgos al resto de personas usuarias, así como de impedir el acceso de los animales a la Playa de Lóngara y, en general, de traspasar el Regato de Sarxende que cumple la función de línea divisoria. Al mismo tiempo, tendrán el deber de recoger y depositar en los lugares habilitados por el Ayuntamiento a estos efectos las deposiciones que puedan realizar los animales en la zona de playa.

TERCERO: Reiterar que, tal y como establece la normativa de playas de Barreiros, el incumplimiento de los preceptos incluidos en el número anterior conllevará el deber de abandonar el arenal tanto a requerimiento del personal municipal como de los propios agentes de la autoridad, sin perjuicio de la interposición de denuncia y, de ser el caso, de la incoación del correspondiente expediente sancionador. Por otra parte, la no recogida de las deposiciones de los animales está tipificada como infracción grave en el citado reglamento.

CUARTO: Establecer que, en todo caso, los perros deberán estar al día en las vacunaciones obligatorias e ir provistos de la cartilla sanitaria obligatoria segundo establece el Decreto 94/2008, de 30 de abril, por el que se establece el pasaporte y cartilla sanitaria para los perros, gatos y hurones en la Comunidad Autónoma de Galicia.

Firmado digitalmente en la fecha que figura al margen por la alcaldesa-presidenta del Ayuntamiento de Barreiros, Ana Belén Ermita Iglesias, ante la secretaria- interventora, Begoña Teijeiro Campo.

